



Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **9 de xuño de 2016** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

VII.- En relación co recurso de reposición presentado por D^a. Josefina Rodríguez González contra a resolución de clasificación do monte veciñal en man común "A Costa", no Concello de O Carballiño, a interesada solicita que se modifique a resolución de clasificación do monte "A Costa", cunha superficie de 2,3 ha, e se lle recoñezan un total de 7,30 ha.

A comunidade reclamante basea o seu recurso na documentación achegada co seu escrito de solicitude, entre a que se inclúen as testemuñas de apeo das feligresías de Señorín, Partovia e Amarante de 1579; o plano de demarcación das feligresías de Amarante- Señorín-Partovia de 1702; a testemuña da xurisdición do termo de Partovia dos anos 1709 a 1740; e o replanteo da liña límite dos termos e mollóns comúns de Carballiño e Maside.

Así mesmo, reclámase que a superficie adxudicada suma 2,5 ha e non 2,3 como aparece na resolución de clasificación; que a parcela catastral número 1057 do polígono 57 (incluída na resolución) non existe catastralmente; e que deben aclararse os 2.414 metros cadrados correspondentes á parcela 9005 do polígono 57, que o catastro describe como vía de comunicación de dominio público.

Con data 5 de maio de 2016 o Servizo de Montes emitiu novo informe na que propón clasificar 2,28 ha, que son as resultantes de excluír a superficie reclamada conxuntamente tanto polos veciños de Santián como polos de Montegrande. Ademais, se recoñece que a parcela 1057 incluída na resolución de clasificación se corresponde co polígono 55 e non o 57, tal e como alegaba a comunidade interesada; e que a superficie a clasificar da parcela 9005 do polígono 77 se corresponde con 193 m² e non cos 2.414 m² que constaban na citada resolución.

De acordo co citado informe, o Xurado decidiu desestimar o recurso no relativo á solicitude de ampliación da superficie recoñecida na resolución de clasificación, ao entender que non se acreditou o aproveitamento da superficie reclamada, requisito indispensable para proceder a recoñecer un monte como veciñal en man común, de acordo co artigo 1 da Lei 13/1989, de montes veciñais en man común. Polo demais, acordou realizar as rectificacións que constan no informe do Servizo de Montes de data 5 de maio de 2016.

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente en Ourense a vinteseis de agosto de dous mil dezaseis.

Vº. e praxe
O Presidente do Xurado

Yago Borrajo Sánchez



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

EDICTO do 3 de decembro de 2015, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado A Costa, a favor dos veciños de Montegrande, na parroquia de Partovia (Santiago), no concello do Carballiño (Ourense).

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar con data do 10 de decembro de 2014, adoptou a seguinte resolución:

Examinado o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado A Costa, a favor dos veciños de Montegrande, na parroquia de Partovia (Santiago), no concello do Carballiño (Ourense) resultan os seguintes feitos:

Primeiro. Con data do 12 de setembro de 2001 tivo entrada no rexistro da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común dos veciños de Montegrande, no cal solicitan a clasificación como veciñal en man común de varias parcelas denominadas A Costa.

Segundo. Con data do 23 de abril de 2002, o Xurado Provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designando instrutor e realizando as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e abre un período de un mes para a práctica de alegacións.

Terceiro. Os veciños de Montegrande, no concello do Carballiño, solicitaron a clasificación como veciñal en man común duns terreos que coinciden parcialmente cos solicitados



polos veciños de Santián, no concello de Maside. A comunidade de Santián defende que a estrema do monte veciñal vería definida pola existencia duns marcos parroquiais, de acordo co deslindamento levado a cabo entre as parroquias de Partovia e Amarante no ano 1742, por petición dos monxes de Oseira e con autorización do rei Felipe V. Pola súa parte, a comunidade de Montegrande defende que os lindes virían marcados polos límites dos termos municipais do Carballiño e Maside.

Examinada toda a documentación, o Xurado acordou a clasificación dos respectivos montes veciñais na parte non controvertida. Non obstante, respecto da parte de monte obxecto de conflito, e de acordo co informe do Servizo de Montes do 5 de maio de 2009, o Xurado entende que ningunha das dúas comunidades acreditou o seu aproveitamento, requisito indispensable para proceder a recoñecer un monte como veciñal en man común, de acordo co artigo 1 da Lei 13/1989, de montes veciñais.

Cuarto. O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que consta no expediente, descríbese así:

Denominación do monte: A Costa.

Superficie: 2,3 ha.

Pertenza: veciños de Montegrande.

Parroquia: Partovia (Santiago).

Concello: O Carballiño.

1. Parcelas catastrais que comprende e superficies:

Concello	Datos catastrais				Superficie en clasificación (m²)
	Polígono	Parcela	Lugar	Superficie catastral (m²)	
O Carballiño	57	1020	Común	13.057	13.057
		1085	Lovios	7.252	7.252
		964	Común	919	919
		1057	Lampazas	70.050	1.358
		9005	Camiño rural	30.674	2.414



2. Estremas:

Norte (parcelas catastrais enumeradas de oeste a leste)

Concello	Polígono	Parcela
O Carballiño	57	1057

Leste (parcelas catastrais enumeradas de norte a sur)

Concello	Polígono	Parcela
O Carballiño	57	9005
		1018
		1087

Sur (parcelas catastrais enumeradas de leste a oeste)

Concello	Polígono	Parcela
O Carballiño	57	9005

Oeste (parcelas catastrais enumeradas de sur a norte)

Concello	Polígono	Parcela
O Carballiño	57	685
		684
		683
		682
		681
		680
		679
		678
		677
		1075
		1048
		1025

3. A clasificación destes terreos non afecta a ningún monte veciñal en man común dos clasificados ata a data, nin dos que están en trámites de clasificación. Non invaden



montes catalogados de utilidade pública, montes cualificados como protectores ou con outras figuras de especial protección. E non están afectados por consorcios ou convenios para a xestión forestal pública.

Fundamentos de dereito:

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei «son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro. É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa, e corresponde constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña gozando ao Xurado Provincial de Clasificación.

Cuarto. O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes, as actuacións realizadas polo Servizo de Montes e a documentación que consta no expediente.

En consecuencia co que antecede, examinada a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e demais normativa legal e regulamentaria, o Xurado Provincial por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común o monte denominado A Costa, a favor dos veciños de Montegrande, na parroquia de Partovia (Santiago), no concello do Carballiño (Ourense), de acordo coa descrición realizada no feito cuarto.

CVE-DOG: t9uy6oa7-dqb4-2hl0-cj15-xh877rq6uph3



Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 3 de decembro de 2015

Yago Borrajo Sánchez
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais
en Man Común de Ourense

CVE-DOG: t9uy6oa7-dqb4-2h10-cj5-xh877rq6uph3



